



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 28 DE SETEMBRO DO 2017.**

**ASISTENTES:**

<p><b>Presidente:</b> D<sup>a</sup> María Herminia Pouso Maneiro (Alcaldesa en funcións)</p> <p><b>Membros que asisten:</b></p> <p>D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D<sup>a</sup> Elvira Pereira Ageitos D. Anxo Orellan Fernández D. Antonio Javier Jesús Freire Brión D. Víctor Reiriz Lampón D<sup>a</sup> María Esther Patiño Rey</p>	<p><b>Interventor acctal.:</b> D. Jorge González Mariño</p> <p><b>Secretario Xeral</b> D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p><b>Membros que non asisten:</b></p> <p>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e cincuenta minutos do día vinte e oito de setembro do dous mil dezasete, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.**

Foron aprobadas, por unanimidade dos presentes, as actas das sesións ordinarias de datas 3 de agosto de 2017, 10 de agosto de 2017, 17 de agosto de 2017 e 24 de agosto de 2017.

**II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.**

**A) FACTURAS.**

Non se presenta ningunha factura para a súa aprobación





**B) PROPOSTAS DE GASTO.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

<b>Nº Proposta</b>	<b>1</b>	<b>Data</b>	26/09/2017
<b>SERVIZO/CONCELLERÍA</b>	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
<b>DESCRICIÓN DO GASTO</b>	Aluguer de equipos de son e asistencia técnica co motivo da celebración do 30 aniversario da Agrupación Folclórica Tahume cunha gala denominada "A gran verbena dos 30 anos"		
<b>Nº orzamentos aportados</b>	1	<b>Provedores</b>	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ
<b>Informe:</b>			
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
<b>Denominación:</b>	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ		
<b>NIF/CIF:</b>	52932383E		
<b>Importe (IVE incluído):</b>	592,90 €		
<b>Observacións:</b>			

<b>Nº Proposta</b>	<b>2</b>	<b>Data</b>	26/09/2017
<b>SERVIZO/CONCELLERÍA</b>	Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
<b>DESCRICIÓN DO GASTO</b>	Inserción de media páxina publicitaria do concello no libro especial de 200 páxinas que vai a publicar El Correo Gallego o 30/09/2017 co motivo do seu 140 aniversario		
<b>Nº orzamentos aportados</b>	1	<b>Provedores</b>	EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.
<b>Informe:</b>			
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
<b>Denominación:</b>	EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.		
<b>NIF/CIF:</b>	A15000391		
<b>Importe (IVE incluído):</b>	786,50 €		
<b>Observacións:</b>			

<b>Nº Proposta</b>	<b>3</b>	<b>Data</b>	21/09/2017
<b>SERVIZO/CONCELLERÍA</b>	Departamento de Informática Ramón Martínez Becerra		
<b>DESCRICIÓN DO GASTO</b>	3 xornadas de formación e apoio (9, 10 e 11/10/2017), gastos por desprazamento e dietas por xornada de traballo, para a posta en marcha dos módulos do programa SWAL		
<b>Nº orzamentos aportados</b>	1	<b>Provedores</b>	GT3 SOLUCIONES, S.L.
<b>Informe:</b>			
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
<b>Denominación:</b>	GT3 SOLUCIONES, S.L.		
<b>NIF/CIF:</b>	B92520451		
<b>Importe (IVE incluído):</b>	1.842,60 €		
<b>Observacións:</b>			




CONCELLO  
DE  
**RIVEIRA**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta	4	Data	26/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Directora do Obradoiro de Emprego Tahume Sandra Pérez González		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de madeira de pino vermello tratado para a especialidade de carpintería do Obradoiro de Emprego Tahume		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- COMERCIAL MALLO AREA, S.L. - PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L. - MADERAS CAYPE, S.L.U.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	COMERCIAL MALLO AREA, S.L.		
NIF/CIF:	B15243918		
Importe (IVE incluído):	4.222,90 €		
Observacións:			

Nº Proposta	5	Data	26/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Directora do Obradoiro de Emprego Tahume Sandra Pérez González		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de material diverso (lixas, follas, brocas, cravos,...) para as prácticas especialidade de carpintería do Obradoiro de Emprego Tahume		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- FERRETERÍA BRIÓN, S.L. - PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FERRETERÍA BRIÓN, S.L.		
NIF/CIF:	B70474747		
Importe (IVE incluído):	926,80 €		
Observacións:			

Nº Proposta	6	Data	20/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizos de reparación de queimador de caldeira nº 2, da tubería da caldeira da piscina e de fuga de auga de tubería de impulsión de bomba nº 1 do filtrado de auga na piscina de auga quente do Complexo Deportivo da Fieiteira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LIJÓ INSTALACIONES Y SERVICIOS DEL BARBANZA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	LIJÓ INSTALACIONES Y SERVICIOS DEL BARBANZA, S.L.		
NIF/CIF:	B15377518		
Importe (IVE incluído):	1.318,08 €		
Observacións:			

Nº Proposta	7	Data	27/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Alcaldía Manuel Ruíz Rivas		





CONCELLO  
DE  
RIVEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

<b>DESCRICIÓN DO GASTO</b>		2 billetes de avión a Tenerife para a Concelleira de Cultura e Programador de Actividades co motivo do viaxe da Coral Polifónica Municipal de Riveira á Vila de Adeje ao seren convidados na celebración das súas festas patronais	
<b>Nº orzamentos aportados</b>	1	<b>Provedores</b>	FONTAO TRAVEL, S.L.
<b>Informe:</b>			
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
<b>Denominación:</b>	FONTAO TRAVEL, S.L.		
<b>NIF/CIF:</b>	B15632417		
<b>Importe (IVE incluído):</b>	652,26 €		
<b>Observacións:</b>			

<b>Nº Proposta</b>	8	<b>Data</b>	27/09/2017
<b>SERVIZO/CONCELLERÍA</b>	Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
<b>DESCRICIÓN DO GASTO</b>	2 billetes de avión a Tenerife (50%) para dous integrantes máis da coral polifónica co motivo do viaxe da Coral Polifónica Municipal de Riveira á Vila de Adeje ao seren convidados na celebración das súas festas patronais		
<b>Nº orzamentos aportados</b>	1	<b>Provedores</b>	FONTAO TRAVEL, S.L.
<b>Informe:</b>			
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
<b>Denominación:</b>	FONTAO TRAVEL, S.L.		
<b>NIF/CIF:</b>	B15632417		
<b>Importe (IVE incluído):</b>	285,60 €		
<b>Observacións:</b>			

<b>Nº Proposta</b>	9	<b>Data</b>	27/09/2017
<b>SERVIZO/CONCELLERÍA</b>	Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
<b>DESCRICIÓN DO GASTO</b>	Aloxamento para o programador de actividades e para dous integrantes máis da coral polifónica co motivo do viaxe da Coral Polifónica Municipal de Riveira á Vila de Adeje ao seren convidados na celebración das súas festas patronais		
<b>Nº orzamentos aportados</b>	1	<b>Provedores</b>	TURÍSTICA KONRAD, S.L.
<b>Informe:</b>			
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
<b>Denominación:</b>	TURÍSTICA KONRAD, S.L.		
<b>NIF/CIF:</b>	B38333985		
<b>Importe (IVE incluído):</b>	1.056,00 €		
<b>Observacións:</b>			





### III.- CONTRATACIÓN.

#### DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA POLA EMPRESA "CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L" PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "INSTALACIÓN POZO DE BOMBEO E REDE DE SANEAMENTO EN ALDEA FRIÓNS".

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto "INSTALACIÓN POZO DE BOMBEO E REDE DE SANEAMENTO EN ALDEA FRIÓNS".

A adxudicación realizouse por Decreto da Alcaldía da data 30/12/2014, a favor da empresa "CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L" (B-15.079.098), e o correspondente contrato asinouse na data 16/01/2015.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 5.595,90 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 29/12/2014 (nº de operación 2014 33009848), polo aval do Banco Polpular, inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 08916-00880

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 04/05/2015.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, da data 05/07/2017, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 11/07/2017, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 5.595,90 euros constituída por "CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L" (B-15.079.098), para responder da execución do contrato "INSTALACIÓN POZO DE BOMBEO E REDE DE SANEAMENTO EN ALDEA FRIÓNS".

### IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta





#### V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **María José García García**, de datas 27/07/2017 e 31/08/2017 (Rexistros de entrada nº 12.676 e 14.100), nos que solicita licenza de obras para ampliación de vivenda unifamiliar, sita na Rúa do Norte nº 30, Palmeira, Riveira en parcela con refª catastral nº 3648611NH0134N0001GI.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, vista a Orde Ministerial de data 19 de outubro de 2016 que resolveu a aprobación da modificación da servidume de protección no tramo que afecta ao denominado núcleo de **Palmeira** comprendido aproximadamente entre os vértices 45 a 62 do deslinde no termo municipal de Riveira aprobado por orden Ministerial de 26 de setembro de 2016, e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 07/09/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 20/09/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.- CONCEDER** á Sra. Mª José García García **LICENZA DE OBRAS (Nº 53/17)** para **AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR** sita na Rúa do Norte nº 30, Palmeira, Riveira en parcela con refª catastral nº 3648611NH0134N0001GI, nos termos do Proxecto Básico modificado de 31 agosto de 2017 redactado polo Sr. Alberto Pérez Sobrido, (arquitecto col. 4.733):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*

**Segundo.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.





**Terceiro.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

**Cuarto.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*





- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**Quinto.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sétimo.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Oitavo.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Noveno.-** Asimesmo a licenza concedida:








- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- Vistos os escritos presentados por **Vera Verónica Da Silva Pinheiro**, de datas 04/08/2017 e 06/09/2017 (Rexistros de entrada nº 13.056, 14.369 e 14.371), nos que solicita licenza de obras para construción de rampla de acceso a local comercial de 1,20 metros de ancho con ocupación superficial de 6,70 m<sup>2</sup> de espazo público, sito na Avda da Coruña nº 80, Baixo-Dereito, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0826801NH0102N0002PO.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao disposto nos informes técnicos favorables, en relación á ocupación de vía pública como á licenza de obra para construír a rampla de acceso, emitidos polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 11/09/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 18/09/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.- CONCEDER** á Sra. Vera Verónica Da Silva Pinheiro, **AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA** no espazo inmediato á entrada ao local sito na Avda da Coruña nº 80, Baixo-Dereito, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0826801NH0102N0002PO, nos termos do Proxecto Técnico de marzo de 2017 redactado pola Sra. Carmen Mª Pérez Pérez, arquitecta, (col. 3.803):

- *A ocupación da vía pública concédese por un prazo de 4 anos, prorrogable por períodos do mesmo tempo e previa petición do interesado, e sempre que se manteñan as condicións obxeto da mesma.*
- *A autorización poderá ser revogada unilateralmente polo Concello de Riveira en calquera momento por razón de interese público, sen xerar dereito de indemnización, e cando resulten incompatibles coas condicións*





*xerais aprobadas con posterioridade, ou produzan danos no dominio público, ou impidan a súa utilización para actividades de maior interese público, ou mesmo menoscaben o uso xeral.*

- *Igualmente, cando se alteren os supostos determinantes do seu outorgamento ou sobreviviren circunstancias que de existir naquel momento, xustificarian a denegación. En ningún destes supostos, o interesado terá dereito a indemnización algunha por este concepto.*
- *En todos os casos, o adxudicatario está obrigado a suprimir a instalación á súa costa, abandonando e deixando libres e vacíos, a disposición do Concello e dentro do prazo que se lles fixe, os bens obxecto de utilización, recoñecendo a potestade deste Concello para acordar e executar o lanzamento.*

**Segundo.- CONCEDER** á Sra. Vera Verónica Da Silva Pinheiro **LICENZA DE OBRAS (Nº 54/17)** para **CONSTRUCCIÓN DE RAMPLA DE ACCESO DE 1,20 M. DE ANCHO E 6,70 M<sup>2</sup> DE SUPERFICIE CONSTRUÍDA** no espazo inmediato á entrada ao local sito na Avda da Coruña nº 80, Baixo-Dereito, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0826801NH0102N0002PO, nos termos do Proxecto Técnico de marzo de 2017 redactado pola Sra. Carmen Mª Pérez Pérez, arquitecta, (col. 3.803):

- *A rampla considerarase que forma parte dos elementos constructivos do acceso ao local que sirva, polo que as labores de conservación da rampla e o seu mantemento en estado de limpeza e decoro, así como calquera responsabilidade que poidese sobrevivir pola existencia da mesma, correrá a cargo do solicitante.*
- *O incumprimento do anterior será causa de caducidade da autorización concedida.*

**Terceiro.-** A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**Cuarto.-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*

*A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*





- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**Quinto.-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A





contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sexto.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Sétimo.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**Oitavo.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**Noveno.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

## VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **José Vicente Santos Reiriz**, de data 19/07/2017 (Rexistro de entrada nº 12.459), no que solicita certificación de carácter rústico de fincas situadas en Oleiros.





A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 21/09/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

